



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 1 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Cervo. (Expediente IN407A 2020-62AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "REFORMA DEL CS 2594 POL. IND. CUIÑA"
- Situación: concello de Cervo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20203118 en data 20 de novembro de 2020.
- Características técnicas principais:
 - Instalación en Centro de Seccionamento prefabricado existente de cinco novas celas de alta tensión, dúas de liña, dúas de interruptor e unha de acople, con telemando da casa Ormazabal e mellora dos circuitos de alumado, emerxencia e terras.
 - Desmontaxe das celas existentes, do telemando e dun edificio prefabricado tipoPFU-3.
- Finalidade da instalación : Mellora de instalacións
- Orzamento: 56.188,89 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello de Cervo
 - Separata para Deputación Provincial de Lugo

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio,

polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 1 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0672

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Faise público que pola Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2021 aprobouse o expediente e prego de cláusulas regulador do concurso para a adxudicación do contrato de cesión de uso en réxime do arrendamento do local da cafetería sito nun ben inmovible do Club Deportivo Riocobo, pertencente ao Concello de Cervo, para destinalo a actividade de cafetería.

1.- Entidade adxudicadora

- a) Organismo : Concello de Cervo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría/Intervención.
- c) Domicilio: Praza do Concello s/n.
- d) Localidade e código postal: 27891 Cervo (Lugo).
- e) Teléfono: 982 557 777
- f) Fax : 982 557 729
- g) Dirección de Internet de transparencia: www.concellodecervo.com

2.- Obxecto do contrato

- a) Tipo: Contrato de cesión de uso en réxime de arrendamento.
- b) Descrición: contratos de cesión de uso en réxime de arrendamento do local sito nun ben inmovible do Club Deportivo Riocobo - Concello de Cervo, para destinalo a actividade de cafetería.
- c) Prazo de cesión de uso: Catro anos, con posibilidade dunha prórroga de un ano.
- d) NUTS: ES112.

3.- Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación : ordinaria.
- b) Procedemento : aberto.
- c) Criterios de adxudicación:
 - 1.- Criterios avaliábeis automaticamente (80 puntos como máximo):
 - Prezo (20 puntos)
 - Creación de postos de traballo (10 puntos)
 - Días da semana que estean abertos ao público (20 puntos)
 - Programación anual de accións ou actuacións que se pretendan executar. (30 puntos).
 - 2.-Criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (20 puntos como máximo):
 - -Carácter innovador do proxecto que se presenta (20 puntos como máximo).

4.- Canon anual a percibir polo Concello de Cervo como contraprestación pola cesión de uso en réxime de arrendamento do ben inmovible.

| Local | Valor do ben | Canon anual en euros |
|--|--------------|----------------------|
| Local da cafetería do Club Deportivo Riocobo | 133.668,30 € | 8.020,10 € |

Ao canon resultante da adxudicación da cesión de uso en réxime de arrendamento do local referido, aplicaráselle o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que corresponda.

En todo caso, na Cláusula 13ª do Prego de Cláusula, establécense os requisitos para a aplicación, no seu caso, de bonificacións ao canon.

5.- Garantías esixidas

a) Provisional : Non se esixe

b) Definitiva: Obriga de subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de cento cincuenta mil (150.000) euros que cubra aqueles danos ou prexuízos que se puideran ocasionar.

6.- Requisitos específicos do contratista

a) Clasificación : Non se esixe.

b) Solvencia económica, financeira, técnica e profesional: A esixida no prego de cláusulas administrativas.

c) Obrigas dos cesionarios adxudicatarios: As establecidas na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

7.- Presentación de ofertas

a) Prazo: Un mes contado dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BOP Lugo.

b) Lugar de presentación:

1.- Dependencia: Rexistro Xeral do Concello de Cervo en horario de 09:00 a 14:00 horas (de luns a venres), portal de transparencia do Concello de Cervo, www.concellodecervo.com. Se o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado, domingo ou festivo o prazo terminará o primeiro día hábil seguinte.

Domicilio: Praza do Concello s/n

Localidade e código postal: 27891, Cervo (Lugo)

Fax: 982 557 729

2.- Modalidade de presentación: No Rexistro Xeral ou a través do portal de transparencia do Concello de Cervo. No caso de envío por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da proposición mediante comunicación telegráfica, fax ou telefax o mesmo día da presentación.

8.- Gastos: Por conta do contratista adxudicatario.

Cervo, 12 de marzo de 2021.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0673

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 3FRACCION MATRICULA CURSO 2020-2021

Por Xunta de Goberno Local do día 8.03.2021 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Terceira Fracción Matrícula curso 2020 -2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule,

poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 15.03.2021 ata o 17.05.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 11 de marzo de 2021.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0674

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA FEBREIRO 2021.

Por Xunta de Goberno Local do día 8.03.2021 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de febreiro de 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 18.03.2021 ata o 18.05.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 11 de marzo de 2021.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0675

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/26092

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 4 de marzo de 2021 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Manuel Peña Illán, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,01 l/s de agua procedente del río Fervedoira, en el lugar de Pedreda, parroquia de Pedreda (San Vicente), en el término municipal de Lugo (Lugo), con destino a limpieza de explotación ganadera.

Lugo, 10 de marzo de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0676

Anuncio

Expediente: A/27/16475

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 4 de marzo de 2021 y como resultado del expediente

incoado al efecto, le ha sido otorgada a Raúl de la Fuente Vilaboa, la oportuna modificación de características de la concesión para aprovechamiento de 0,104 l/s de agua procedente de un manantial sito en la finca Cruceiros y 4 manantiales sitios en la finca Arriba, en la parroquia de Ferroi (Santiago), T.M. de Guntín (Lugo) con destino a usos domésticos y ganaderos, consistente en la incorporación de dos manantiales y dos pozos con incremento de caudal a derivar a 0,4225 l/s y añadir el uso de riego.

Lugo, 10 de marzo de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0678

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/35139

El Ayuntamiento de Outeiro de Rei, con C.I.F. P 2703900G, solicita autorización para efectuar obras dentro de la de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la ejecución de las obras contempladas en el proyecto "Senda peatonal y ciclista desde núcleo urbano de Outeiro de Rei a Guillar. Diciembre 2020" sobre el río Pequeño, T.M. de Outeiro de Rei (Lugo)

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 26 de febrero de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0679
